



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade* ↗

10 de decembro

Día Internacional dos Dereitos Humanos

Co financiamento de:



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTATAL  
SEPE

## Día Internacional dos Dereitos Humanos

Segundo a Organización de Nacións Unidas (ONU):

*“Os dereitos humanos son fundamentais para a consecución dun desenvolvemento sostible que non deixe a ningún atrasado e son esenciais para as súas tres dimensións, social, económica e ambiental”.*

### Que se entende por dereitos humanos?

Aqueles dereitos inalienables e que pertencen a todos os seres humanos, sen importar a súa raza, sexo, nacionalidade, lingua, relixión, orixe étnica ou calquera outra condición.



O día 10 de decembro conmemórase o día en que, en 1948, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a **Declaración Universal de Dereitos Humanos**, proclamando os seus principios como *“un ideal común para todos os pobos e nacións”*.

Cada ano, neste día, bríndasenos a oportunidade de renovar a longa loita da humanidade polos dereitos e a dignidade das persoas, mobilizándose contra vellos e importantes desafíos, en forma de pobreza, exclusión, violencia, desigualdade e discriminación.

## **Sobre A Declaración Universal de Dereitos Humanos (DUDH)**

Trátase dun documento histórico que establece unha ampla gama de dereitos e liberdades fundamentais de todas as persoas en calquera lugar, sen distinción de nacionalidade, lugar de residencia, sexo, orixe nacional ou étnica, relixión, lingua ou calquera outra condición.

- Adoptada e proclamada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas na súa resolución 217 A (III), do 10 de decembro de 1948.
- Dous anos despois da aprobación, en 1950, cando a Asemblea Xeral proclamou o 10 de decembro como o Día dos Dereitos Humanos.
- Consagra os dereitos de todos os seres humanos.
- Nela, por primeira vez, establecéronse os dereitos indivisibles e inalienables de toda a humanidade.
- É un proxecto global para as políticas e leis internacionais, nacionais e locais.
- Inspirou numerosas loitas para lograr unha maior protección dos dereitos humanos, contribuíndo a que sexan máis recoñecidos.
- Serviu de base para un sistema de protección dos dereitos humanos en expansión que hoxe se centra tamén en grupos vulnerables como as persoas con discapacidade, os pobos indíxenas e as persoas migrantes.
- É o documento máis traducido do mundo, dispoñible en máis de 500 idiomas.

## **Sobre a Axenda 2030 e a DUDH**

A DUDH é tamén un pilar fundamental da Axenda 2030 para o desenvolvemento Sostible, que:

- ❖ Está firmemente ancorada nas normas e os principios de dereitos humanos, tanto os recolleitos nos tratados internacionais, como os consagrados na DUDH, mantendo, de forma explícita, que se basea nesta última.

- ❖ Outorga unha importancia fundamental aos principios de igualdade e non discriminación.
- ❖ *“Trata de facer realidade os dereitos humanos de todos/as”*.
- ❖ Recolle o compromiso de *“que ninguén quede atrás”*.
- ❖ Márcase dúas metas específicas:
  1. Combater a discriminación e as desigualdades (ODS 5 sobre igualdade de xénero e ODS 10 sobre as desigualdades dentro dos países e entre estes).
  2. Un compromiso transversal relativo á desagregación de datos.

O ano que vén, en 2023, cumpriranse as *“votas de platino”* da súa proclamación, e nestas décadas o avance no recoñecemento e garantía dos dereitos humanos en todo o mundo foi importante, **pero a loita pola igualdade e os dereitos das persoas non termina nunca, é un obxectivo permanente.**

Todos os seres humanos corremos un maior risco cando se abandonan os valores da humanidade.

Nestes últimos anos, estamos a atravesar unha profunda crise sen precedentes (crise financeira, pandemia, conflitos armados, racismo, cambio climático...) que trastornou todos os cimentos da vida.

E, se algo nos ensinou a historia, é que as solucións ás maiores crises teñen a súa orixe nos dereitos humanos, superando, de forma colectiva, as violacións de dereitos, en calquera punto do planeta, máis aló das xeracións e as fronteiras.

Cada un/unha de nós temos un importante papel que desempeñar neste obxectivo, para que funcione, para conseguir unir a todas as persoas do planeta no camiño cara a un desenvolvemento xusto e sostible.

Para finalizar, catro frases inspiradoras de catro figuras mundialmente coñecidas (2 homes e 2 mulleres), de distinta, raza, idade e nacionalidade, pero que, todas elas, destacaron pola súa loita polos dereitos civís, nalgúns casos, pagando un prezo moi alto (a súa liberdade, e mesmo a súa vida):

- ⇒ *“Privar ás persoas dos seus dereitos humanos é poñer en cuestión a súa propia humanidade”*. (Nelson Mandela, activista surafricano dos dereitos civís).
- ⇒ *“A inxustiza, en calquera parte, é unha ameaza á xustiza en todas partes”*. (Martin Luther King, activista afroamericano dos dereitos civís).
- ⇒ *“Todos os seres humanos nacen libres e iguais”*. (Hansa Mehta, de orixe hindú, loitadora incansable dos dereitos da muller).
- ⇒ *“A paz non só consiste en poñer fin á violencia ou á guerra, senón a todos os demais factores que ameazan a paz, como a discriminación, a desigualdade, a pobreza”*. (Aung San Suu Kyi, política e activista birmana e embaixadora de conciencia de Amnistía Internacional).

Aínda queda moito camiño por percorrer para que os dereitos que se expoñen na DUDH, pero, que o documento perdure no tempo, indica, de forma clara, o valor que lle recoñece a sociedade a nivel mundial.

Cun labor conxunto podemos lograr que o noso planeta sexa lugar máis sostible, con maiores oportunidades para todo o mundo, e onde exista o compromiso dos distintos sectores da vida pública e privada, gobernos, organizacións, entidades, e a sociedade en xeral, para contribuír á pronta recuperación e a un maior benestar colectivo, onde ningún quede atrás.

## **Todos e todas temos a responsabilidade de defender os dereitos humanos**

(comezando polos dos colectivos máis débiles e vulnerables)

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*